

MOCIÓN SOBRE A REPRESENTACIÓN PROPORCIONAL NOS ENTES INSTRUMENTAIS DO CONCELLO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

No mes de xuño e xullo deste ano, no marco das conversas e negociacións para concordar a organización municipal, acordouse que os entes instrumentais, como o Auditorio de Galicia, Incolsa e Tussa, reflectisen, en termos proporcionais, a composición do Pleno.

Así se lembraba, por exemplo, na exposición de motivos da emenda que o 10 de xullo presentou o Grupo Popular para adaptar o máis posible a composición do Consello Reitor do Auditorio a esa idea de proporcionalidade, emenda que foi aceptada por todos os grupos sen que nada se obxectase sobre o principio de proporcionalidade que motivaba a mesma.

Desde a integridade non se pode cuestionar o acordo acadado hai meses en Xunta de Portavoces para trasladar aos entes instrumentais o valor da pluralidade do Pleno, un acordo que pasaba, en primeiro lugar, por non sobredimensionar os entes instrumentais con integrantes da candidatura de Compostela Aberta e, en segundo lugar, por que o alcalde non abusase dun posible voto de calidade (pois, a diferenza do que acontece no Pleno, nos entes instrumentais de seis membros -nos que a distribución sexa 2 CA, 2 PP, 1 PSOE e 1 BNG- as posibles posicións compartidas de CA e BNG poden igualar unha inhabitual pero posible posición conxunta de PP e PSOE, igualación que non se daría no Pleno).

O acordado traslado do valor da pluralidade do Pleno a estes tres entes instrumentais resultaba aproximado -e xa con vantaxe para Compostela Aberta (pois podería contar co voto do presidente en caso de empate)- e supuña que nos casos de Tussa e Incolsa os representantes serían, respectivamente para CA, PP, PSOE e BNG, 2-2-1-1, renunciando o alcalde á súa propia presenza a fin de non alterar a proporcionalidade.

No caso do Auditorio, e dado que só pode haber cinco concelleiros de designación pola Xunta de Goberno, os representantes serían, respectivamente para CA, PP, PSOE e BNG, 1-2-1-1, sumando, neste caso si, Compostela Aberta a presenza propia do Alcalde.

Malia o falado e acordado na Xunta de Portavoces, produciuse un dobre incumprimento:

Por unha banda, na Xunta de Goberno do 7 de setembro, e a respecto do Consello do Auditorio, acordouse nomear a dous representantes de CA, cando a emenda aprobada no Pleno contemplaba só un, a fin de garantir una proporcionalidade aproximada á do Pleno, proporcionalidade que no caso do Auditorio si que necesitaría a presenza engadida do alcalde. O referido acordo de Xunta de Goberno debe responder a un erro, pois os dous representantes de CA, sumados aos dous do PP, e ao do PSOE e BNG suman seis, un máis dos posibles conforme aos Estatutos do Auditorio, e un máis dos necesarios (no caso de CA) se o Alcalde mantén a súa presenza como presidente do organismo,

Por outra banda, o segundo incumprimento prodúcese no caso de Tussa e Incolsa, onde, -e toda vez que o acordado era unha representación de 2 CA, 2 PP, 1 PSOE e 1 BNG- si que resulta necesario, a fin de garantir unha proporcionalidade aproximada á do Pleno, que o alcalde delegue a presidencia nun dos concelleiros de Compostela Aberta designados pola Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Pleno municipal insta ao Alcalde a corrixir a composición dos Consellos do Auditorio, Tussa e Incolsa a fin de garantir o acordado nas Xuntas de Portavoces do mes de xuño e xullo e á fin de aproximar a súa composición o máis posible ao valor da pluralidade do Pleno Municipal, garantindo en todo caso a presenza de todos os grupos.

Santiago a 2 de decembro de 2015



Agustín Hernández.
Portavoz do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.